



RESOLUCIÓN DO 13 DE XUÑO DE 2012 POLA QUE SE ANULAN DEZ EDICIÓNS DAS PROBAS DE AVALIACIÓN DE CARÁCTER LIBRE DAS ACTIVIDADES FORMATIVAS QUE COMPOÑEN O PLAN FORMATIVO OFIMÁTICO DE GALICIA PARA O PERSOAL AO SERVIZO DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Mediante Resolución do 24 de abril de 2012, publicada no DOG nº 83, do 2 de maio, convocáronse as probas de avaliación de carácter libre das actividades formativas que compoñen o Plan formativo ofimático de Galicia para o persoal ao servizo da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na base décima a) da Resolución do 24 de abril de 2012 establécese o seguinte:

“Décima.- Facultades da EGAP

a) A EGAP resolverá aquelas incidencias que poidan producirse no desenvolvemento e a xestión das probas de avaliación. Así mesmo corresponde á EGAP prover canto sexa necesario para a execución e cumprimento desta resolución.

b) A execución material das accións queda condicionada á existencia de crédito orzamentario axeitado e dispoñible e á autorización correspondente do gasto.”

A diminución nas transferencias de financiamento á Comunidade Autónoma de Galicia en concepto de formación para o emprego nas administracións públicas e de acordo coa política orzamentaria, que implica o necesario equilibrio entre ingresos e gastos, esixe nestes momentos efectuar un axuste nos créditos asignados inicialmente á Escola Galega de Administración Pública, de acordo co principio de austeridade que preside a xestión do gasto público.

En consonancia co exposto no parágrafo anterior, e co obxectivo de cumprir a normativa en materia de estabilidade orzamentaria e déficit público.

RESOLVO

Anular as edicións das probas de avaliación que se relacionan no anexo a esta resolución, convocadas por Resolución do 24 de abril de 2012.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2012.

O DIRECTOR DA EGAP

DIRECCIÓN
Pablo Figueroa Dorrego
ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
SANTIAGO DE COMPOSTELA



ANEXO

CÓDIGO	DATA	ACCIÓN FORMATIVA
FC12115	16/10/2012	Aplicacións informáticas de bases de datos (Openoffice)
FC12116		Aplicacións informáticas de bases de datos (Microsoft office)
FC12117		Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Openoffice)
FC12118		Aplicacións informáticas de follas de cálculo (Microsoft office)
FC12119		Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Openoffice)
FC121120	17/10/2012	Aplicacións informáticas de tratamento de textos (Microsoft Office)
FC12121		Aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información (Openoffice)
FC12122		Aplicacións informáticas para presentacións: gráficas de información (Microsoft office)
FC12123		S.O., busca da información.: Internet/intranet e correo electrónico (Linux)
FC12124		S.O., busca da información.: Internet/intranet e correo electrónico (Windows)